



**CONCELLO DE
SANTIAGO**

RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DO 20 DE XANEIRO DE 2020

LICENZAS

FAVORABLES

LIC/1055/2016.- JOSE MANUEL RODRÍGUEZ JALLAS.- Aceptar a cesión de viario complementaria formalizada en escritura pública.

LIC/687/2018.- JOSÉ LUIS GÓMEZ PEREIRA.- Aceptar a cesión de viario formalizada en escritura pública e conceder licenza para a construción dunha vivenda unifamiliar illada no Lg. Devesa (A), 25.

LIC/393/2019.- CONSTANTINO LADO GONZÁLEZ.- Conceder licenza para obras de rehabilitación dunha vivenda unifamiliar sita na rúa Campo do Conxo, 4.

LIC/1672/2017.- VICTOR MANUEL CERQUEIRO BARREIRO E JANETTE VARELA VAZQUEZ.- Conceder licenza para peche de parcela sita no lugar de Piñeiro de Villestro, 21.

LIC/199/2017.- COMUNIDADE DE PROPIETARIOS EDIFICIO PALAS.- Conceder licenza para obras de instalación de ascensor e reforma de portal 1 do edificio sito na rúa Ponte Pequena (da), 2.

LIC/1343/2019.- JOSÉ QUINTELA MARTINEZ.- Conceder licenza para obras de reestruturación de vivenda unifamiliar situada na rúa da Muiña, 31.

LIC/64/2019.- EDUARDO RIOS MARCOS.- Estimar a solicitude presentada e aceptar libre de cargas a cesión gratuita e anticipada da porción de terreo situada fora de alíñación e destinada a viario da parcela 1754 do Plano Xeral de Concentración Parcelaria de San Martiño de Aríns.

LIC/176/2018.- COMUNIDADE DE PROPIETARIOS RUA DE RIANXO 10.- Autorizar a excepcionalidade do cumprimento das condicións de habitabilidade, remitir copia da presente resolución á Dirección Xeral do Instituto Galego de Vivenda e Solo e conceder licenza para executar obras de reforma dun edificio existente para instalación dun ascensor, rehabilitación das fachadas e substitución da cuberta do edificio sito na rúa Rianxo (de), 10.

LIC/416/2019.- WIND1000 SERVICES, S. L.- Conceder licenza de obras para adición de planta soto no inmovible sito na rúa María de los Angeles de la Gándara (Chocha B) (de) nº 22.

SUSPENSION DE PROCEDIMENTO.-

LAP/623/2019.- JULIO REY DOCE.- Suspender o procedemento de solicitude cambio de uso presentado con data 19/12/2019 para 5 apartamentos turísticos na edificación en construción sita na rúa da Estrada, 33.

LAP/494/2019.- JOSÉ MANUEL BERNARDEZ DEJUANE.- Suspender o procedemento de solicitude de licenza de reforma para restaurante en 1ª planta, acondicionamento de planta 2ª e ampliación de planta segunda e baixo cuberta para albergue de 2º categoría na rúa Fontiñas, 82.

LAP/506/2019.- MIGUEZ REGO, S. L.- Suspender o procedemento de solicitude de licenza de obras para a construción dunha edificación de 8 apartamentos turísticos na rúa Betanzos, 24.

LAP/585/2019.- MANUEL JOSÉ VILLAVERDE GARCIA Y OTROS, CB.- Suspender o procedemento de solicitude de licenza de obra presentado para hotel e aparcamento na rúa Gómez Ulla, 3

1.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo, Vivenda e Cidade Histórica relativa á aceptación da cesión de viario complementaria formalizada en escritura pública. LIC/1055/2016.
Apróbese a proposta.

2.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo, Vivenda e Cidade Histórica relativa á cesión de viario formalizada en escritura pública e conceder licenza para a construción dunha vivenda unifamiliar illada no Lg. Devesa (A), 25. LIC/687/2018.
Apróbese a proposta.

3.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo, Vivenda e Cidade Histórica relativa á solicitude de licenza para obras de rehabilitación dunha vivenda unifamiliar sita na rúa Campo do Conxo, 4. LIC/393/2019.

Apróbase a proposta.

4.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo, Vivenda e Cidade Histórica relativa á solicitude de licenza para peche de parcela sita no lugar de Piñeiro de Vilvestro, 21. LIC/1672/2017.

Apróbase a proposta.

5.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo, Vivenda e Cidade Histórica relativa á solicitude de licenza para obras de instalación de ascensor e reforma do portal 1 do edificio sito na rúa Ponte Pequena (da), 2. LIC/199/2017.

Apróbase a proposta.

6.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo, Vivenda e Cidade Histórica relativa á solicitude de licenza para obras de reestruturación de vivenda unifamiliar situada na rúa da Muiña, 31. LIC/1343/2019.

Apróbase a proposta.

7.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo, Vivenda e Cidade Histórica relativa á estimación da solicitude e aceptación libre de cargas da cesión gratuita e anticipada da porción de terreo situada fora de aliñación e destinada a viario da parcela 1754 do Plano Xeral de Concentración Parcelaria de San Martiño de Aríns. LIC/64/2019.

Apróbase a proposta.

8.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo, Vivenda e Cidade Histórica relativa á autorización da excepcionalidade do cumprimento das condicións de habitabilidade; remisión da copia do acordo á Dirección Xeral do Instituto Galego de Vivenda e Solo, e conceder licenza para executar obras de reforma dun edificio existente para instalación dun ascensor, rehabilitación das fachadas e substitución da cuberta do edificio sito na rúa Rianxo (de), 10. LIC/176/2018.

Apróbase a proposta.

9.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo, Vivenda e Cidade Histórica relativa á solicitude de licenza de obras para adición de planta soto no inmovible sito na rúa María de los Angeles de la Gándara (Chocha B) (de) nº 22. LIC/416/2019.

Apróbase a proposta.

10.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo, Vivenda e Cidade Histórica relativa á suspensión do procedemento de solicitude de cambio de uso presentado con data 19/12/2019 para 5 apartamentos turísticos na edificación en construción sita na rúa da Estrada, 33. LAP/623/2019.

Apróbase a proposta.

11.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo, Vivenda e Cidade Histórica relativa á suspensión do procedemento de solicitude de licenza de reforma para restaurante en 1ª planta, acondicionamento de planta 2ª e ampliación de planta segunda e baixo cuberta para albergue de 2º categoría na rúa Fontiñas, 82. LAP/494/2019.

Apróbase a proposta.

12.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo, Vivenda e Cidade Histórica relativa á suspensión do procedemento de solicitude de licenza de obras para a construción dunha edificación de 8 apartamentos turísticos na rúa Betanzos, 24. LAP/506/2019.

Apróbase a proposta.

13.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo, Vivenda e Cidade Histórica relativa á rectificación do acordo da sesión de 23 de decembro de 2019, de execución do aval depositado por INMOBILIARIA OUTEIRO DE SAR, S.L. para responder ás obras de urbanización pendentes de recepción no Polig. SUNP-31.1.

Apróbase a proposta.

14.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo, Vivenda e Cidade Histórica relativa á suspensión do procedemento de solicitude de licenza de obra para hotel e aparcamento na rúa Gómez Ulla, 3. LAP/585/2019.

Apróbase a proposta.

15 a 94.- Proposta da concelleira delegada de economía e facenda relativa a beneficios fiscais no imposto sobre vehículos de tracción mecánica.

Apróbanse os devanditos beneficios fiscais.

95.- Proposta do concelleiro delegado de Centros Socioculturais relativa á sanción imposta a FERROVIAL SERVICIOS SA, pola infracción leve cometida na execución do contrato de "Servizo de dinamización e mediación sociocultural da rede de centros cívicos do Concello de Santiago de Compostela".

Concrétase que a sanción de 3.005,06 euros imposta á empresa Ferrovial Servicios SA por acordo da XGL de 28 de outubro de 2019 farase efectiva sobre a próxima e posible factura mensual do servizo.

96.- Proposta do concelleiro delegado de Mobilidade relativa á declaración de extinción da relación contractual coa empresa CLEAR CHANNEL SLU de ocupación do dominio público mediante marquesiñas urbanas; e outros extremos.

Declárase formalmente a extinción da relación contractual formalizada coa empresa Clear Channel SLU con efectos de maio de 2009, e na súa virtude, declárase a inexistencia de título válido que lexitime a ocupación de dominio público con marquesiñas urbanas e muppis por parte da citada empresa.

Considerando que esta propón ao Concello a entrega dos referidos bens e que a aceptación da cesión deste mobiliario pode ampararse en razóns de interese público dado que continuarían a ser utilizadas polo usuarios do transporte ata o momento en que o Concello outorgara unha nova autorización ou concesión sobre o dominio público que, en atención á tramitación que implica, non se producirá antes de seis meses, acéptase a cesión dos bens sen que proceda o pagamento de ningunha cantidade a Clear Channel SLU.

97.- Proposta do concelleiro delegado de Obras relativa á deixar sen efecto o expediente de imposición de penalidades, así como a prohibición para contratar con esta Administración, aberto contra a empresa PROYECON GALICIA SA, en concepto das "Obras de rehabilitación da Finca do Espiño para equipamento municipal cultural e administrativo".

Déixase sen efecto o expediente de imposición de penalidades polo 3% do orzamento base de licitación así como de prohibición para contratar con esta administración, aberto contra a empresa Proyecon Galicia SA en relación á licitación das obras de rehabilitación da Finca do Espiño para equipamento municipal cultural e administrativo.

98.- Proposta da alcaldía relativa á substitución de don Alejandro Sánchez-Brunete Varela por dona María Castela Torres no Consello de Administración da Sociedade Municipal de Xestión de Transporte Urbano de Santiago (TUSSA).

Apróbase a proposta.

99.- Proposta da alcaldía relativa á substitución de dona Milagros Castro Sánchez por don Gumersindo Guinarte Cabada no Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade.

Apróbase a proposta.

URXENCIAS

1.- Proposta relativa á aprobación do proxecto de rehabilitación do palacete da Finca do Espiño para equipamento municipal, cultural e administrativo.

Apróbase o proxecto técnico de rehabilitación do palacete da finca do Espiño para equipamento municipal cultural e administrativo presentado con data 16 de xaneiro de 2020 polo arquitecto José Luis Pereiro Alonso. O orzamento máximo de licitación é de 1.209.657,85 euros (máis IVE) e o prazo de execución é de 12 meses.

2.- Proposta da concelleira delegada de Educación relativa á subsanación dos erros nos pregos de prescricións técnicas do servizo de execución do programa piloto para a implantación dun servizo de atención á infancia para a conciliación da vida laboral, familiar e persoal no espazo educativo e de lecer María Miramontes.

Apróbase a subsanación dos erros detectados e a nova redacción dos pregos de prescricións técnicas para a contratación do programa piloto para a implantación dun servizo de atención á infancia para a conciliación da vida laboral, familiar e persoal na ludoteca das Fontiñas.

Departamento de Prensa. Tfno: 981 54 31 09. Fax: 981 58 96 88. E-mail:
prensa@santiagodecompostela.org

3.- Interposición de recursos xudiciais para a recuperación das estatuas do Mestre Mateo.

Acórdase formular contra a sentenza da Audiencia provincial de Madrid dictada o 17 de decembro de 2019 recurso extraordinario por infracción procesal e de casación ante a Sala Primeira do Tribunal Supremo.